



PROXECTO DE RADIO ESCOLAR

1. Sinopse do proxecto presentado:

A emisora de radio escolar é un recurso moi importante para o Centro e unha ferramenta coa que toda a comunidade educativa disporá dun espazo de encontro, de comunicación e de convivencia, que potenciará o desenvolvemento persoal, as relacións cos demais, e moi especialmente a expresión oral. Trátase dun recurso didáctico que conectará aos membros da comunidade educativa, dará visibilidade a outros proxectos e redes existentes e abrirá un camiño a novas experiencias sempre desde unha base de respecto e comprensión formando a mellores persoas para un mundo mellor.

2. Contexto/Xustificación:

O IES de Ortigueira está na capital da comarca do Ortegal, ao norte da provincia da Coruña. Trátase dun Concello que a pesar de que vive de todos os sectores económicos, a súa principal actividade é o turismo. Con moitas zonas rurais e espazos naturais, ten unha gran relevancia histórica, cultural e social. Esta é unha iniciativa que cubrirá unha necesidade e que dará máis valor ao centro e á comunidade educativa. Ponse en marcha coa ilusión de poder contar cun medio de difusión das vivencias de centro que moitos alumnos e alumnas quixerán para completar os seus procesos de ensinanza-aprendizaxe e que lembrarán e valorarán unha vez rematada esta etapa educativa, principalmente no caso de que os seus futuros estudos vaian ligados ao xornalismo. Ademais dáselle resposta a una proposta de mellora da expresión oral que o profesorado leva solicitando en cada avaliación e curso escolar.

É unha ferramenta que permitirá fomentar o diálogo positivo, mellorar a convivencia e evitar o absentismo. Fronte ás novas redes sociais que illan ás persoas, unha emisora de radio relaciónaa abordando problemáticas sociais e sensibilizando sobre aspectos como a violencia de xénero, a migración e o medio ambiente, ademais de traballar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible establecidos pola Organización de Nacións Unidas para a transformación do noso mundo. Este proxecto pretende empregarse como un medio para coñecer e afondar no mundo da comunicación, para comprender e analizar as noticias e fomentar o espírito crítico. Ao mesmo tempo estarase a crear una ventá para que o mundo poida ver o que se fai e traballa no centro, ensinanzas, proxectos e iniciativas tanto de profesorado como de alumnado. Tamén dará a posibilidade de que se detecten e afronten os problemas e as debilidades da propia comunidade educativa. Desde logo quedará a porta aberta para o seu uso por parte de tódolos departamentos fornecéndoos dun recurso para fortalece-los seus currículos e poderá ser empregado incluso multidisciplinarmente.

3. Descrición do proxecto:

Basicamente quérese poñer a funcionar no centro una emisora de radio que supoña un medio de difusión de calquera tema que interese á comunidade educativa na que se crean espazos de comunicación entre os seus membros e coa sociedade, un recurso que traballe as sete competencias clave e forme a mellores persoas. Non se trata só de facer programas de radio. Trátase de ofrecer a alumnado, profesorado, persoal non docente e familias a posibilidade de conectar entre si a través das ondas, de crear un lugar de encontro que promova a comunicación e no que se poidan transmitir valores e coñecementos. Gravarase e, salvo por algún problema técnico ou revisión das persoas responsábeis do programa, emitirase integramente en diferido, a través da plataforma de podcasts Ivoox.

4. Participantes:

Niveis e áreas, grupos, docentes ou PAS poderán estar implicados no proxecto, así como outras redes e programas activos no centro. Trátase dunha iniciativa que ofrecerá a posibilidade de participar ó alumnado de tódolos niveis: ESO, Bacharelato e Ciclos Básico e Medio, ao profesorado de todos os departamentos, ao persoal non docente e incluso ás familias, o que o converte nun proxecto transversal para a difusión de diferentes actividades que poidan desenvolverse. A dirección do centro nomeará anualmente unha persoa coordinadora do proxecto.

5. Encaixe curricular

Calquera membro de calquera departamento baixo a supervisión da persoa coordinadora poderá ter acceso á Radio, incorporala na súa metodoloxía e empregala como ferramenta de aprendizaxe dinámica, innovadora e significativa. Tamén, coa necesaria coordinación, estará accesible ao alumnado, quen terá unha grande oportunidade de ser protagonista e encher o proxecto de ilusión. Os diferentes departamentos do centro seleccionarán as temáticas dos programas.

6. Coordinación entre os axentes implicados:

Dada a experiencia en múltiples proxectos que ten o centro, parece obvio que se debe seguir a metodoloxía e os procedementos que se veñen levando a cabo e que tan bos resultados produciron. Exemplos disto son reunións periódicas, charlas, cursos, accións divulgativas e o uso das novas tecnoloxías e aplicacións.

7. Recursos técnicos que solicita e xustificación:

O centro comeza de cero coa Radio Escolar, pero grazas a outro proxecto no que está inmerso, Polos Creativos, non precisa nin solicita ningún recurso para arrancar.

8. Planificación de accións para a posta en marcha do proxecto:

Todo proxecto depende da súa aprobación por parte do Consello Escolar. Isto suporá o inicio da radio, e as elevadas expectativas que teñen os membros da comunidade educativa, será suficiente motivación para poñelo en marcha con ilusión. A partir deste momento, preparados para coordinar e repartir espazos e tempos para que todos poidan dispor deste recurso, darase a coñecer a toda a comunidade educativa. Dentro das accións necesarias para comezar coa actividade estarase ao disposto polo Protocolo de Protección de Datos da Consellería con competencias en Educación.

9. Plan de difusión e responsabilidades:

Cada departamento aprobará dentro das súas actividades a temática elixida e será único responsable da revisión do contido e do asesoramento necesario de ser o caso, con anterioridade á súa publicación. Polo tanto, o departamento responsable da revisión asumira as consecuencias que poidera ter a difusión deste contido considerando, entre outros:

- a) Os dereitos das persoas menores.
- b) Os dereitos do persoal do centro no que ten que ver con alusións ou difusión de opinións que non son públicas, expresamente consentidas, ou que forman parte das deliberacións de órganos colexiados.
- c) Os dereitos de terceiros.
- d) O Dereito á protección de datos persoais, con respecto absoluto polo disposto no RXPd, de xeito especial no seu artigo 9.1. que establece unha serie de categorías especiais de datos que, por afectar as esferas máis íntimas do individuo, se consideran especialmente sensibles e contan por este motivo, cunha protección máis intensa.

Entre estes datos de especial protección, inclúense os seguintes:

"Datos que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou filosóficas. Non ten consideración de dato de categoría especial a referencia a que un alumno/a curse a materia de relixión, xa que este feito non revela por si mesmo a súa confesión relixiosa, a afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca unha persoa física, datos relativos á saúde. Forman parte desta categoría de datos os relativos á discapacidade e os que se inclúen nos informes psicopedagóxicos do alumnado, datos relativos á vida sexual ou ás orientacións sexuais dunha persoa física.

Respecto á referencia a ser vítima de violencia de xénero, non se considerará, por si mesma, un dato de categoría especial, xa que non está recollido como tal no artigo 9. 1 do RXPd. Con todo, deberanse ter en conta dúas situacións diferenciadas:

A. Determinados datos persoais das vítimas de violencia de xénero, por tratarse dun colectivo especialmente vulnerable, como poderían ser a súa residencia, centro de traballo ou outros datos identificadores e de contacto, deben tratarse con especial cautela para preservar a súa propia seguridade e garantir os seus dereitos e liberdades.

B. Cando os datos persoais relativos ás vítimas de violencia de xénero inclúan referencias a danos físicos, sexuais, psicolóxicos, etc., consideraranse estes como datos de categoría especial por tratarse de datos relativos á saúde."

Como regra xeral, o RXPd prohibe o tratamento de categorías especiais de datos (art. 9), pero establece unha serie de excepcións nas que este se permite. As excepcións máis relevantes que permitirían o tratamento de datos de categorías especiais pola Administración educativa autonómica e os centros públicos dependentes dela, de entre as recollidas no artigo 9.2 do RXPd, son as seguintes:

"- Consentimento explícito da persoa interesada respecto do tratamento dos seus datos persoais.

- Cando o tratamento é necesario para o cumprimento de obrigas e o exercicio de dereitos específicos da persoa responsable do tratamento ou da interesada no ámbito do dereito laboral e da seguridade e protección social.

- Cando o tratamento é necesario para protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra persoa física, no caso de que a persoa interesada non estea capacitada, física ou xuridicamente, para dar o seu consentimento.

- Cando o tratamento é necesario para a formulación, o exercicio ou defensa de reclamacións ou cando os tribunais actúen en exercicio da súa función xudicial.

- Cando é necesario por razóns dun interese público esencial.

- *Cando o tratamento é necesario por razóns de interese público no ámbito da saúde pública.*
- *Cando é necesario con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos."*

Para a difusión das actividades aproveitaranse só as ferramentas corporativas existentes.

10. Modelos de autorización

Elaboraranse dous modelos de autorización:

Modelo A) Cada persoa participante con voz, ou os seus representantes legais nos termos establecidos, deberá consentir expresamente, unha vez rematado o programa, a emisión do mesmo. O modelo de autorización incluírá de xeito expreso que a persoa, antes de asinar, é coñecedora do contido, de todas as normas citadas no punto 9, así como das consecuencias que poidera ter o incumprimento das mesmas.

Os departamentos responsables asesorarán convenientemente ao alumnado do centro e, de xeito especial ás persoas menores antes de que estas asinen a autorización pertinente.

Modelo B) Haberá un modelo específico de autorización para o departamento responsable da publicación dos contidos do programa que incluírá o coñecemento das consideracións especificadas no punto 9.

11. Avaliación do proxecto:

Sabemos da dificultade que ten a supervisión dun proxecto como este, pero con ese fin imos realizar reunións periódicas entre as persoas implicadas nel. Tamén se realizarán reunións co equipo directivo e os diferentes Departamentos e profesorado en xeral para valorar a existencia e o uso da Radio e a súa afección na percepción do centro e na formación do noso futuro.